

## QUE É O PERIODO DE ADAPTACIÓN?




En **setembro** terá lugar o proceso de adaptación á vida escolar que trátase do conxunto de fases sucesivas polas que a nena ou neno chega a acomodarse ao medio escolar.

Antes de comezar viredes todos á mesma hora e teredes unha xuntanza coa titora onde se explicarán grupos e horarios para este periodo. Este día debedes traer dúas fotos carné do neno ou nena.




A adaptación é de cadaquen.

Os tempos e as interaccións son individuais igual que as emocións e vivencias.



## MODELO DE MANDILÓN



A tea é de cadriños pequenos, brancos e verdes.

O nome en grande, con maiúsculas e debe verse moi ben.

A roupa (abrigos e outras) terá que vir marcada co nome do neno ou nena.



O calzado será de velcro, evitando o que leve cordóns e hebillas.

Imaxes extraídas de Arasaac.



# CEIP FOGAR

CURSO 2020/2021




## BENVIDOS AO FOGAR



### PERIODO DE ADAPTACIÓN

4º de Educación Infantil  
Reunión de familias  
do alumnado  
de nova incorporación a  
Educación Infantil



CEIP FOGAR  
r/ Vila de Ordes s/n  
ceip.fogar.carballo@  
edu.xunta.gal  
981700294

15100 Carballo (A Coruña)

## SUXESTIÓNS PARA OS PRIMEIROS DÍAS



Procurar chegar puntual, respectando horarios de entrada e saída.



Espertar a nena ou neno con tempo dabondo para




almonzar e vestirse con calma.

Facer despedidas afectivas pero curtas, amosando despreocupación e normalidade.



Non prometer o que non se vai cumprir: “volvo agora”, “fago un recado e veño”, “estou aquí fóra”. Se perciben engano non confían.



Non acaparar ao profesorado nos momentos de entrada e saída xa que deben ocuparse do alumnado.



## COMO PODEMOS AXUDARLLES A ADAPTARSE A ESCOLA?



Fomentando a curiosidade e paixón polo coñecemento.

Debe ter expectativas reais. Evitar frases como: “No cole xogades todo o día, hai moitos xoguetes...”

A escola é un lugar para aprender, un dereito que teñen todos os nenos e nenas.



Tendo unha actitude positiva. Evitade comentarios do tipo: “xa verás cando vaias a escola”, “como fagas así na escola vante castigar”, “voulle dicir a profe...”

Preparándoos para estar sen a familia durante algún tempo e procurando que se relacione con nenos e nenas.




## CONSELLOS A SEGUIR

Amosar seguridade e confianza na escola.

Vestir as criaturas con roupa cómoda que lles facilite a autonomía e a liberdade de movemento.



Interesarse polas actividades da escola xa que revalorizan o que fan.



Acostumalos a cumprir normas e ter límites na casa de cara a ser máis responsables e



Propiciar unha asistencia regular para lograr la integración. Quedar na casa sen xustificación só interromperá e demorará a adaptación.



DEIXAR UN N° DE TELÉFONO DE CONTACTO ONDE SEMPRE ESTEDES LOCALIZABLES.

